CSV: REXISTRODcOK85Hbp6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 12:30:25
Nº Rexistro: 966
Data envío: 27/08/2020 12:30:25.435

2. Aprobar unha liña especifica de subvencións, mediante un sistema de concorrencia non competitiva, dirixida a clubs deportivos non profesionais, para facer fronte as esixencias sanitarias derivadas da COVID -19.

Pazo do Parlamento, 26 de agosto do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Julio Torrado Quintela
Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 27/08/2020 12:22:07**

**Julio Torrado Quintela na data 27/08/2020 12:22:19**

**Pablo Arangüena Fernández na data 27/08/2020 12:22:29**

**Paloma Castro Rey na data 27/08/2020 12:22:42**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 27/08/2020 12:22:53**

CSV: REXISTRODcOK85Hbp6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.4    2375(11/PNP-000231)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación de Alcoa en San Cibrao, a aprobación dun estatuto do consumidor electrointensivo e a creación dunha tarifa eléctrica galega. (Procedemento de urxencia)

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 23, 30.09.2020*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2020 13:15:19
Nº Rexistro: 2375
Data envío: 23/09/2020 13:15:19.887

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada polos últimos acontecementos de bloqueo da situación de Alcoa San Cibrao e as súas repercusións para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que o 17 de outubro do 2018 a empresa Alcoa anunciara aos cadros de persoal de Coruña e Avilés así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa foron diversas as demandas das e dos traballadores e os debates políticos arredor de como arbitrar unha saída que supoña o mantemento dos postos de traballo e da actividade industrial, ao considerar o sector do aluminio como estratéxico. Unha preocupación e unha mobilización que se estendeu a Alcoa-San Cibrao, que desde

CSV: REXISTROCN7clQA5O1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entón tivo enriba a espada de Damocles dun posíbel peche e que afrontou diversos episodios de redución da produción.

No verán de 2020 fóronse precipitando os acontecementos e malia que o 13 de agosto Alcoa adoptaba o compromiso de asumir a mediación das administracións galega e estatal para unha posíbel compra, a realidade dos feitos posteriores amosou a pouca disposición do grupo malia a existencia de ofertas sobre a mesa.

No momento de asinar esta iniciativa o presidente de Alcoa en España, Álvaro Dorado, descartaba que a compañíа poida chegar a un acordo con Liberty antes do 27 de setembro, data límite. Polo tanto, nestas circunstancias extremas cómpre activar todas as alternativas posíbeis para evitar un peche que tería unhas consecuencias brutais e optar porque os poderes públicos asuman a necesidade de ter un papel activo na economía e apostar pola intervención pública, viábel no ordenamento xurídico galego, estatal e europeo.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno central as seguintes actuacións:

1. Apostar, en relación con Alcoa San Cibrao, no caso de non prosperar unha alternativa garantista de venda, pola intervención pública, en colaboración coa Xunta de Galiza, para a nacionalización da planta de aluminio de forma que se garanta a continuidade da actividade e dos postos de traballo.

CSV: REXISTROCN7clQA5O1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2020 13:15:19
Nº Rexistro: 2375
Data envío: 23/09/2020 13:15:19.887

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Aprobar de forma inmediata e sen máis dilacións un Estatuto do Consumidor electrointensivo que realmente supoña unha solución para o sector da industria electrointensiva, é dicir, que garantice un prezo estábel, predicíbel e asumíbel. Para iso, será necesario mellorar o borrador presentado, actuando sobre a peaxe de transporte, cunha bonificación do 100% e tamén coa subida ao 100% a bonificación dos cargos xa previstos e complementariamente elevando ao máximo permitido a compensación por CO2.

3. Facilitar a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega, dada a condición de país produtor excedentario de enerxía eléctrica, que permita abaratar o custo da electricidade tanto para as empresas como para os particulares."

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
**Olalla Rodil Fernández**
**Manuel Lourenzo Sobral**
**Mª Carmen Aira Díaz**
**Luis Bará Torres**
**Iria Carreira Pazos**
**Daniel Castro García**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Alexandra Fernández Gómez**
**María González Albert**

CSV: REXISTROCN7clQA5O1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2020 13:15:19
Nº Rexistro: 2375
Data envío: 23/09/2020 13:15:19.887

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Mª Carme González Iglesias**

**Rosana Pérez Fernández**

**Daniel Pérez López**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Mercedes Queixas Zas**

**Paulo Ríos Santomé**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/09/2020 12:52:21**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/09/2020 12:52:25**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/09/2020 12:52:39**

**María del Carmen Aira Díaz na data 23/09/2020 12:52:45**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/09/2020 12:52:56**

**Iria Carreira Pazos na data 23/09/2020 12:53:04**

CSV: REXISTROCN7clQA5O1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2020 13:15:19
Nº Rexistro: 2375
Data envío: 23/09/2020 13:15:19.887

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Castro García na data 23/09/2020 12:53:14**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 23/09/2020 12:53:29**

**Alexandra Fernández Gómez na data 23/09/2020 12:53:38**

**María González Albert na data 23/09/2020 12:53:47**

**María do Carme González Iglesias na data 23/09/2020 12:53:58**

**Rosana Pérez Fernández na data 23/09/2020 12:54:05**

**Daniel Pérez López na data 23/09/2020 12:54:16**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/09/2020 12:54:26**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/09/2020 12:54:35**

**Mercedes Queixas Zas na data 23/09/2020 12:54:53**

**Paulo Ríos Santomé na data 23/09/2020 12:55:04**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/09/2020 12:55:10**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/09/2020 12:55:21**

CSV: REXISTROCN7clQA5O1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.5 2403(11/PNP-000235)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos servizos ferroviarios suprimidos con motivo do estado de alarma e a modernización e mellora da rede ferroviaria de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo en materia ferroviaria

*Publicación da iniciativa, 23, 30.09.2020*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2020 17:46:52
Nº Rexistro: 2403
Data envío: 23/09/2020 17:46:52.451

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a reposición de servizos de tren suprimidos, plan de mellora da rede ferroviaria e creación do ente ferroviario galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A pandemia da COVID foi utilizada como escusa polo goberno central para suprimir servizos ferroviarios en Galiza, tanto interiores como de conexión con outros territorios. Se ben a redución de servizos estaba xustificada durante o estado de alarma e as fases do chamado "desconfinamento", a realidade é que moitos dos trens seguen sen circular.

RENFE anunciou que os servizos serían recuperados "a medida que a demanda o vaia pedindo". Mais en pleno mes de setembro, co reinicio da actividade laboral e escolar, un terzo dos servizos de media distancia seguen suprimidos. E o mesmo ocorre coas conexións co exterior, como os comboios que unen Galiza Galiza con Euskadi e mais con Madrid, o primeiro suprimido desde marzo e o segundo reducido a tres servizos diarios. O mesmo acontece cos trens hotel entre Galiza e Madrid e Galiza e Barcelona, eliminados desde o inicio do estado de alarma.

CSV: REXISTROuujXgvbDK4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2020 17:46:52
Nº Rexistro: 2403
Data envío: 23/09/2020 17:46:52.451

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En canto ás conexións de media distancia, reducíronse servizos entre Ferrol-Ortigueira-Ribadeo, A Coruña-Ferrol, A Coruña-Monforte, Vigo-León, Vigo-Pontevedra. No caso da liña Vigo-Porto só existe un servizo diario e o mesmo ocorre na liña Vigo-Ourense-Ponferrada.

2. Cómpre ter en conta que a situación previa á pandemia era xa de por si precaria, debido á drástica redución de servizos, ao peche de estacións, e á falta de investimentos na modernización das infraestruturas e nos equipamentos que se produce na maior parte das liñas. Cómpre tamén deixar claro que a política de redución de servizos foi executada na última década polos gobernos do Estado, maioritariamente por gobernos do PP, maioritariamente coa complicidade da Xunta de Galiza.

Esta situación viuse agravada polo incumprimento do compromiso do PP e do goberno galego para crear o Ente Ferroviario Galego, así como a Xefatura de Proximidade para Galiza que era o instrumento necesario para a posta en marcha dos servizos ferroviarios de cercanías. Como consecuencia deste desleixo, Galiza sofre o agravio de non contar con tren de cercanías, un servizo co que si contan outras comunidades como Asturias, Cantabria, Euskadi ou Navarra.

3. A crise ambiental que vive o planeta e que tamén sofre Galiza esixe cambiar os modos de mobilidade e apostar de maneira decidida pola mobilidade sustentábel. Neste contexto, o ferrocarril debe ser obxecto dunha política decidida de fomento e mellora, como alternativa saudábel, sostíbel e segura a modos contaminantes como o automóbil ou o avión.

CSV: REXISTROuujXgvbDK4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta ao goberno galego a demandar ao goberno central:

1. A reposición dos servizos ferroviarios de media distancia e de comunicación co exterior suprimidos con motivo do estado de alarma.

2. Un plan extraordinario de investimentos para a modernización e mellora da rede ferroviaria galega que inclúa con carácter prioritario as seguintes liñas:

- Ourense-Lugo

- Lugo Coruña-Ferrol

- Coruña-Ferrol

- Ferrol-Ribadeo

- Vigo-Ourense

- Vigo-Porto

Asemade, o parlamento insta á Xunta a impulsar a creación do Ente Ferroviario Galego e do servizo ferroviario de cercanías."

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

CSV: REXISTROuujXgvbDK4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 23/09/2020 17:45:04**

**Alexandra Fernández Gómez na data 23/09/2020 17:45:07**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/09/2020 17:45:14**

CSV: REXISTROuujXgvbDK4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**
**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**
**Orde do día**

4.6 2469(11/PNP-000244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de posibilitar a reversión aos concellos da titularidade dos terreos portuarios, cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e sexan susceptibles de utilización municipal

*Publicación da iniciativa, 23, 30.09.2020*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2020 16:30:00
**Nº Rexistro: 2469**
Data envío: 24/09/2020 16:11:12.990

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Paloma Castro Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

**Exposición de motivos**

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares.  Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o Porto e os concellos.

De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o Porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo, pero que son terreos de uso urbano, afastados da actividade marítima e pesqueira. Existen exemplos en todo o territorio costeiro de Galicia, observando case que en cada vila como o Porto é titular dun espazo que, en termos xerais, úsase para actividade urbana. Tal é así que en moitas ocasións os propios veciños e veciñas descoñecen esta titularidade, e non a comprenden, por ser Portos de Galicia titular de terreos que nada teñen que ver coa súa actividade.

Este escenario provoca problemas de xestión habituais para todos os concellos, que pretenden desenvolver actividades e usos deses terreos, pero necesitan de autorización e aceptación de Portos, sendo esta unha institución que non comprende a necesidade deses usos, retrasa os procesos e/ou os dificulta e impide. Ademais dos concellos, numerosos colectivos sociais, culturais ou deportivos, tenden a querer usar tales terreos, normalmente ben situados nas vilas costeiras, atopándose con que Portos esixe unha taxas inasumibles e considera, discrecionalmente, o seu uso. Pola contra, eses terreos non son obxecto da atención de Portos de Galicia, nin do investimento, polo que terminan por deteriorarse e acumular lixo, sendo os concellos os que, por

CSV: REXISTROvRVgdty728
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2469
Data envío: 24/09/2020 16:11:12.990

responsabilidade, terminan por asumir o custo do seu mantemento sen ser titulares.

Esta inxustiza entre titularidade, utilidade, uso e beneficio, resulta incomprensible para a inmensa maioría de concellos, o que repercute na vida cotiá e posibilidades de mellora dos espazos públicos para veciños e veciñas. Por esta situación sería necesario iniciar procesos de diálogo para resolver a cuestión, voluntarios por concellos, para poder afrontar métodos de reversión desas titularidades.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a abrir un procedemento normativo que permita a negociación bilateral voluntaria dos concellos coa entidade Portos de Galicia para, nos formatos e medidas que ambas administracións acorden, ofrecer a posibilidade de reverter a titularidade de terreos portuarios cara os concellos, cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e teñan posibilidades de utilización municipal.

Pazo do Parlamento, 23 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Paloma Castro Rey
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 24/09/2020 16:09:11**

**Patricia Otero Rodríguez na data 24/09/2020 16:09:20**

**Paloma Castro Rey na data 24/09/2020 16:09:30**

CSV: REXISTROvRVgdty728
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2020 16:30:00
**Nº Rexistro: 2469**
Data envío: 24/09/2020 16:11:12.990

**Gonzalo Caballero Míguez  na data 24/09/2020 16:09:37**

CSV: REXISTROvRVgdty728
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5. Interpelacións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.1 1686(11/INT-000092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa garantía da asistencia sanitaria á cidadanía

*Publicación da iniciativa, 15, 16.09.2020*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 1686
Data envío: 10/09/2020 15:59:17.681

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Iria Carreira Pazos** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á necesidade dun Plan de Continxencias para evitar o colapso dos servizos sanitarios polos brotes de gripe e enfermidades respiratorias e os contaxios por COVID 19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O número de persoas positivas por COVID 19 non fai máis que aumentar por toda Galiza, e a sanidade pública galega enfrontándose ao que se está chamando segunda onde de contaxios da poboación por COVID19, nunha situación de Atención Primaria afogada por unha falta estrutural de persoal, con moito persoal de vacacións, sen contratación de persoal de reforzo...

Xs profesionais que están traballando fano cunha sobrecarga brutal, axendas de 50 e 60 consultas ao ter que atender o propio cupo e o dxs ausentes, enorme presión telefónica e de demanda de asistencia sobre o persoal de cita. A isto hai que engadir a sobrecarga de diagnosticar e facer seguimento ás persoas positivas de COVID que permanecen nos seus domicilios.

Coa chegada do outono, coincidindo coas épocas de frío, tamén é previsíbel que se produza a incidencia dos brotes epidemiolóxico habituais por

CSV: REXISTROEL2xoal6G9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

calendario como son os brotes de gripe e enfermidades respiratorias, xa que acontecen, con maior ou menor incidencia todos os anos.

Parece máis que evidente a necesidade dun plan de continxencia que contemple as necesidades de contratación de persoal para facer fronte á atención habitual, os brotes de gripe e enfermidades respiratorias, aos novos contaxios e o seguimento sanitario das persoas que o precisen.

Un plan de continxencia que contemple as necesidades de persoal e de medios para a atención sanitaria ordinaria e as extraordinaria derivadas da COVID e a gripe. Non é posíbel atender toda a demanda sanitaria sen aumentar os medios, e a alternativa non pode ser pretender deixar en suspenso o resto das patoloxías. É preciso un plan de continxencias que garanta a atención sanitaria de todas as patoloxías á poboación.

Non se pode dar resposta á pandemia sen unha boa asistencia sanitaria e non se pode garantir esa asistencia sen o persoal necesario, tanto na Atención Primaria como na hospitalaria.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que Plan de Continxencia ten preparado a Xunta de Galiza para garantir a asistencia sanitaria dxs galegxs tanto na Atención Primaria como na hospitalaria nos vindeiros meses diante do previsíbel aumento da demanda asistencial derivada tanto pola COVID 19 como polos brotes de gripe e enfermidades respiratorias estacionais?



CSV: REXISTROEL2xoal6G9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 1686
Data envío: 10/09/2020 15:59:17.681

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En que vai a consistir?

Cal é a planificación do Sergas para evitar o colapsos dos servizos?

Cantos profesionais ten previsto contratar a Xunta para afrontar a situación tanto en primaria como hospitalaria?

Ten realizado unha valoración do orzamento preciso?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Iria Carreira Pazos**
**Olalla Rodil Fernández**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2020 15:58:02**

**Iria Carreira Pazos na data 10/09/2020 15:58:05**

CSV: REXISTROEL2xoal6G9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 1686
Data envío: 10/09/2020 15:59:17.681

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores  na data 10/09/2020 15:58:16**

CSV: REXISTROEL2xoal6G9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.2 2246(11/INT-000129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a política do Goberno galego en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos

*Publicación da iniciativa, 23, 30.09.2020*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2020 13:53:17
Nº Rexistro: 2246
Data envío: 21/09/2020 13:53:17.041

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta habitual ver na prensa referencias a reunións de conselleiros e conselleiras con alcaldías do PP no que anuncian a sinatura de convenios ou a concesión de axudas da Xunta para a realización de investimentos en materia de infraestruturas, equipamentos, medio ambiente, servizos, etc. Periodicamente tamén se dan a coñecer os convenios asinados polas consellarías e os concellos, a través dos cales se fai a asignación de fondos públicos sen ningún criterio obxectivo de reparto.

Por outra parte, o goberno galego utiliza habitualmente o procedemento de convocatoria de subvencións a entidades locais en concorrencia non competitiva, o que non garante un trato xusto para os concellos.

Nos últimos anos, a FEGAMP elaborou diversos documentos sobre o financiamento local, a transferencia de recursos da Xunta aos concellos, as convocatorias de subvencións ou a necesidade de aprobar unha lei de facendas locais, sen que ningunha destas propostas fose atendida pola Xunta de Galiza.

Detrás deste *modus operandi* do goberno galego hai unha intención clara: manter a utilización partidista da Xunta para favorecer a concellos do PP na distribución dos fondos públicos.

CSV: REXISTRO5Glg0eE3O8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2020 13:53:17
Nº Rexistro: 2246
Data envío: 21/09/2020 13:53:17.041

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Ten previsto o goberno galego negociar coa FEGAMP un novo sistema de reparto de transferencias non finalistas aos concellos?

Considera necesario a Xunta de Galiza aprobar un Plan Único que aglutine os recursos do Plan de Cooperación Local e doutros programas de cooperación autonómicos?

Comparte o goberno galego a idea de que as convocatorias de subvencións sexan un procedemento excepcional e que se fagan sempre por concorrencia competitiva?

Ten previsto a Xunta de Galiza acabar coa distribución discrecional e partidista dos fondos públicos?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Luis Bará Torres**

Deputados do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO5GIg0eE3O8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2020 13:53:17
Nº Rexistro: 2246
Data envío: 21/09/2020 13:53:17.041

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/09/2020 13:52:26**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2020 13:52:31**

CSV: REXISTRO5GIg0eE3O8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.3 2817(11/INT-000163)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a política do Goberno galego en relación coa contratación de profesionais sanitarios para afrontar a covid-19

*Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 17:35:04
Nº Rexistro: 2817
Data envío: 01/10/2020 17:35:04.707

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputado e deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación.**

O Goberno de España vén de aprobar un Real decreto-lei que permite ás comunidades autónomas contratar profesionais sanitarios para facer fronte á Covid-19, con medidas de contratación excepcional para persoal facultativo e non facultativo. Estas medidas permiten contratar profesionais que conten coa titulación de grao, licenciatura ou diplomatura correspondente, aínda sen o título de especialidade recoñecido en España, para realizar funcións propias dela.

Poderán ser contratados quen fixeran as probas selectivas de formación sanitaria especializada en 2019/2020, superando a puntuación mínima aínda sen resultar adxudicatarios de praza. Tamén será posible contratar profesionais sanitarios con título de especialista obtido nun Estado non membro da UE, sempre que cumpran procedementos administrativos que os avalíen (recollidos no propio decreto). Estes contratos permitirán realizarse por ata 12 meses, prorrogables por períodos de 3 tres meses posteriormente.

Estas medidas recollidas no decreto permiten, ademais reforzar a Atención Primaria, coa apertura da posibilidade de que presten servicios en AP os profesionais estatutarios que agora poden desempeñar funcións nos hospitais, se así o considera a Comunidade Autónoma a través das consellerías competentes.

Esta medida abre a posibilidade de reordenar os Recursos Humanos con maior flexibilidade, e de incorporar este ano ao sistema a milleiros de profesionais que cumpren estes requisitos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cantos contratos para profesionais sanitarios ten previsto ofertar a Xunta de Galicia ao abeiro das oportunidades facilitadas polo Goberno de España?

2. Que áreas vai priorizar o Goberno da Xunta nesta contratación extraordinaria que ten á súa dispoñibilidade?

CSV: REXISTROOqwl7WsUI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

3. Cando vai iniciar o Sergas o procedemento para esta oferta de prazas?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 01/10/2020 17:24:30**

**Marina Ortega Otero na data 01/10/2020 17:24:38**

CSV: REXISTROOqwI7WsUl9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.1 3401(11/POPX-000005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do Auto ditado pola Audiencia Nacional o día 1 de outubro de 2020, respecto da fusión das caixas de aforro

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2020 12:46:18
Nº Rexistro: 3401
Data envío: 10/10/2020 12:46:18.203

**Á Mesa do Parlamento**

**Gonzalo Caballero Míguez, portavoz** do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, que valoración fai Vd. do auto da Audiencia Nacional do pasado día 1 de outubro, sobre a fusión das caixas de aforros?

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2020

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 10/10/2020 12:29:03**

CSV: REXISTROeMwIlqRwA9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.2 3402(11/POPX-000006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre as actuacións previstas para blindar as residencias de persoas maiores diante da covid-19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2020 12:49:33
Nº Rexistro: 3402
Data envío: 10/10/2020 12:49:33.797

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

**PREGUNTA AO PRESIDENTE:**

*Sr. Presidente da Xunta de Galiza, que ten previsto facer para blindar as residencias de maiores ante a Covid-19?*

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2020 12:05:39**

CSV: REXISTROOz6hA9Cul2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7. Preguntas ao Goberno

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.1 2603(11/POP-000318)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da ruptura das negociacións para a venda das plantas de Alcoa na Mariña lucense

*Publicación da iniciativa, 23, 30.09.2020*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2020 18:28:02
Nº Rexistro: 2603
Data envío: 28/09/2020 18:28:02.513

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Elena Candia López, Miguel Tellado Filgueira, Ramón Carballo Paéz, Marisol Díaz Mouteira, Martin Fernández Prado, Daniel Vega Pérez Borja Verea Fraiz** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno polo trámite de urxencia.**

**Motivación da urxencia**

A necesidade do Goberno de posicionarse ante esta cuestión de relevancia para a economía galega.

O domingo 27 de setembro expirou o prazo para a negociación da venta das fábricas de Alcoa na provincia de Lugo. Nestas semanas, Alcoa rexeitou de maneira sistemática todas as ofertas que se puxeron sobre a mesa, tanto desde o grupo Liberty House como desde o Goberno para comprar temporalmente a planta e vendela inmediatamente a continuación a Liberty.

Desde o Grupo Popular estamos convencidos de que a situación pódese reconducir coa axuda de todas as administracións implicadas e de que Alcoa aínda está a tempo de recapacitar e reflexionar sobre as consecuencias que a súa decisión terá para os seus traballadores, as súas familias e toda a comarca da Mariña.
Por isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Como valora o Goberno galego a ruptura das negociacións para a venta das plantas de Alcoa na Mariña lucense?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2020

CSV: REXISTRO4thSRhvYV1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2020 18:28:02
Nº Rexistro: 2603
Data envío: 28/09/2020 18:28:02.513

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Elena Candia López na data 28/09/2020 18:25:29**

**Miguel Angel Tellado Filgueira na data 28/09/2020 18:25:57**

**María Sol Díaz Mouteira na data 28/09/2020 18:26:17**

**Ramón Carballo Páez na data 28/09/2020 18:26:33**

**Martín Fernández Prado na data 28/09/2020 18:26:52**

**Daniel Vega Pérez na data 28/09/2020 18:27:03**

CSV: REXISTRO4thSRhvYV1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2020 18:28:02
Nº Rexistro: 2603
Data envío: 28/09/2020 18:28:02.513

**Borja Verea Fraiz na data 28/09/2020 18:27:15**

CSV: REXISTRO4thSRhvYV1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.2 3398(11/PUP-000076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante da crise da planta de Alcoa en San Cibrao

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2020 10:00:00
Nº Rexistro: 3398
Data envío: 09/10/2020 18:32:57.080

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Patricia Otero Rodríguez e Martín Seco García,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** e ao abeiro do disposto no artigo 155.5do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral urxente en Pleno.**

**Xustificación da urxencia:**

**A urxencia vén motivada pola alarma social xerada na poboación.**

O 9 de Outubro de 2020 a multinacional ALCOA presenta un ERE polo que plantexa o despedimento colectivo de 524 traballadores e traballadoras. Alcoa cruzou a liña vermella das empresas responsables trala presentación do ERE. A política laboral da empresa quedou completamente en evidencia, tras anunciar o expediente de regulación de emprego.

Agora entendemos que o que toca é parar o ERE. Débese paralizar este ERE por parte da autoridade laboral, xa que o mesmo é presentado incorrendo en fraude de lei.

Alcoa ignorou todos os chamamentos para volver á negociación e dar paso ao novo inversor. Deixou claro que quere ignorar e abandonar o destino dos seus traballadores e traballadoras na Mariña Lucense.

Os termos nos que presenta o ERE así como a alarma cidadá que xera na Comarca da Mariña esixen unha actuación urxente e contundente dos poderes públicos, incluída tamén no ámbito de competencias da Xunta de Galicia.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Que accións está levando a cabo a Xunta de Galicia ante crise da planta de Alcoa de San Cibrao?

Pazo do Parlamento, 09 de outubro de 2020

Asdo.: Patricia Otero Ródríguez
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTROxdy9M6tmc9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2020 10:00:00
Nº Rexistro: 3398
Data envío: 09/10/2020 18:32:57.080

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 09/10/2020 18:31:47**

**Martín Seco García na data 09/10/2020 18:32:10**

CSV: REXISTROxdy9M6tmc9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.3 3399(11/PUP-000077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do uso de todas as súas competencias para facer respectar os acordos de mantemento da actividade, emprego e investimentos nos centros de XEAL-Ferroatlántica de Cee e Dumbria e nas centrais hidroeléctricas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2020 12:04:26
Nº Rexistro: 3399
Data envío: 10/10/2020 12:04:26.148

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ramón Fernández Alfonzo**, **Daniel Pérez López** e **Carme González Iglesias**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, sobre a situación de XEAL-Ferroatlántica.

**Xustificación da urxencia**

A urxencia vén motivada pola preocupación social existente na Costa da Morte pola redución da produción nas empresas de XEAL-Ferroatlántica de Cee e Dumbría, poñendo en grave risco a viabilidade dos centros de produción.

**Exposición de motivos**

O pasado 16 de setembro a empresa XEAL comunicou ao comité de empresa a súa intención de aplicar un ERTE ao persoal das fábricas de Ferroatlántica de Cee, Dumbría e das Centrais Hidroeléctricas a partir do 24 de setembro. Este ERTE está aplicándose efectivamente para todo o persoal agás para as 34 persoas que operan as centrais.

Un novo fito do Grupo Villar Mir, agora baixo unha nova aparencia, no expediente de agresións ao persoal das empresas que controla na Costa da Morte, e dada a entidade deste colectivo, contra toda a Comarca.

CSV: REXISTROtq5fE2gPa8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2020 12:04:26
Nº Rexistro: 3399
Data envío: 10/10/2020 12:04:26.148

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O primeiro que debemos manifestar é que o feito de aplicar un ERTE negociado antes da venda dos centros produtivos, con outra representación do persoal, e en outro ámbito territorial, evidencia unha falta total de respecto polo marco legal vixente na materia, polos foros de negociación propios dos centros de traballo onde a medida se quere aplicar, e polo tanto unha falta total de respecto polo seu persoal, e pola autoridade laboral competente por razón do territorio, neste caso a Xunta de Galiza, coa clara intención de represaliar a un colectivo que se ten distinguido na defensa dos seus lexítimos intereses que son, ademais, os de todo o tecido socio-económico da comarca onde se asentan os centros.

E en segundo lugar, manifestar tamén con toda rotundidade que a paralización dos fornos e da produción nos centros de Cee e Dumbría, en comparación coa plena actividade dos outros centros da empresa, evidencia un incumprimento grave e continuado das súas obrigas co mantemento da actividade e do emprego nos anteditos centros de traballo e na comarca da Costa da Morte, condicións substancias das autorizacións administrativas do aproveitamentos hidráulicos do río Xallas. O feito de actualmente manterse fora do ERTE unicamente o persoal das centrais deixa ben ás claras cal é a actividade que realmente interesa ao grupo empresarial, e cales son as intencións reais de todas as operacións societarias que se veñen sucedendo nos últimos tempos.

Urxe unha actuación da Xunta de acordo cos representantes do persoal dos centros afectados, na que poida compartir información sobre o nivel de ocupación nos outros centros do grupo empresarial no estado español, o nivel de dependencia do proxecto empresarial de XEAL na Costa de Morte das empresas do Grupo Villar Mir e o risco que isto supón, a utilización das Centrais Hidroeléctricas en contra dos criterios pactados con anterioridade e vinculadas á viabilidade do proxecto e ao mantemento do

CSV: REXISTROtq5fE2gPa8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2020 12:04:26
Nº Rexistro: 3399
Data envío: 10/10/2020 12:04:26.148

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

volume de emprego, así como o incumprimento da obriga de realizar investimentos que garantisen o futuro das fábricas e da ocupación.

Mais sobre todo, constatar que a parada da maioría dos fornos e o nivel de produción actual, e polo tanto de ocupación, supoñen un grave risco para a pervivencia das fábricas e para o futuro de toda unha comarca.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados e da deputada asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Está disposta a Xunta de Galiza a empregar todas as súas competencias para facer respectar os acordos de mantemento de actividade, emprego, e investimentos nos centros de Cee, Dumbría e nas Centrais, mesmo até o punto de iniciar de xeito inmediato o proceso de reversión das concesións hidroeléctricas do río Xallas?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
**Daniel Pérez López**
**Carme González Iglesias**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

CSV: REXISTROtq5fE2gPa8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2020 12:04:26
Nº Rexistro: 3399
Data envío: 10/10/2020 12:04:26.148

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 10/10/2020 12:03:15**

**Daniel Pérez López na data 10/10/2020 12:03:35**

**María do Carme González Iglesias na data 10/10/2020 12:03:46**

CSV: REXISTROtq5fE2gPa8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.4 925(11/POP-000272)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre as medidas concretas que adoptou a Xunta de Galicia para axudar os traballadores afectados por un ERTE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 925
Data envío: 26/08/2020 20:21:41.223

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Miguel Tellado Filgueira, María Corina Porro Martínez, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López**, **Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral Urxente en Pleno.

**Xustificación da urxencia.**

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

**Exposición de motivos.**

Os Expedientes de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) son unha peza fundamental da reforma laboral que acometeu o Goberno Central do Partido Popular no ano 2012, que serviu para acelerar a saída de España da última crise económica. Do mesmo xeito, reveláronse como unha ferramenta imprescindible no proceso de peche da economía derivado de pandemia, e tamén na reactivación da mesma.

No ano 2019 a Xunta de Galicia e os interlocutores sociais acordaron iniciar un proceso tripartito de concertación social orientado á consecución de acordos nos eidos de mellora da calidade do emprego e das relacións laborais, do progreso económico e da cohesión social. Un destes acordos é o relativo a un programa que favoreza o mantemento do emprego ante as flutuacións económicas.

Dado o impacto que teñen os expedientes de regulación de emprego sobre o mercado laboral, a través do citado acordo, a Xunta de Galicia e os interlocutores sociais integrantes do diálogo social acordaron un programa que se desenvolverá tendo en conta distintas liñas de actuación, entre elas o apoio ás empresas e ao seu persoal naqueles períodos en que a actividade da empresa se reduza. Así mesmo, pactaron aprobar unhas bases reguladoras destas axudas, cun orzamento por parte da Xunta de Galicia de 6 millóns de euros distribuídos nos anos 2020 e 2021.

Tendo en conta as novas circunstancias e o novo contexto derivado da pandemia da COVID-19 e a situación de parálise económica que se deu durante meses, desde o Goberno galego entendeuse que cumpría axustar a orde deseñada no diálogo social ás novas demandas.

Nos momentos máis duros da emerxencia sanitaria, a nosa Comunidade tivo máis de 200.000 traballadores en situación de ERTE. Ante esta realidade, e coa incapacidade

CSV: REXISTROV0ummnqFg7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 925
Data envío: 26/08/2020 20:21:41.223

grupo parlamentario popular de galicia

do Goberno Central de facer efectivo o pagamento das prestacións que se estendeu durante meses, o Goberno galego viuse obrigado a levar a cabo iniciativas pioneiras como o aval de ata 1.500 euros de anticipo aos traballadores cun ERTE autorizado que non cobraran as prestacións no seu momento.

Este compromiso pola colaboración entre administracións non esta tendo a mesma resposta desde a Administración central, xa que non está a dar a Galicia a información exacta sobre o número de Ertes que existen actualmente na nosa Comunidade. Esta información sería de gran valía para dar unha mellor resposta a nivel laboral ás persoas traballadoras afectadas polo actual contexto socioeconómico marcado pola COVID-19.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que medidas concretas adoptou a Xunta de Galicia para axudar aos traballadores afectados por un ERTE?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 20:14:10**

**María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 20:14:26**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 20:14:37**

**María Elena Candia López na data 26/08/2020 20:14:46**

**José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 20:14:58**

**Noelia Pérez López na data 26/08/2020 20:15:05**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 20:15:16**

CSV: REXISTROV0ummnqFg7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.5 1591(11/POP-000124)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as razóns da ligazón da área de Igualdade á de Emprego na nova consellaría creada na Xunta de Galicia

*Publicación da iniciativa, 15, 16.09.2020*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2020 16:38:23
Nº Rexistro: 1591
Data envío: 09/09/2020 16:38:23.102

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Díaz Varela, Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O presidente da Xunta de Galicia Alberto Núñez Feijóo asinou o 6 de setembro de 2020 o decreto de nomeamento do seu novo Goberno, no que releva as persoas responsables das consellarías de Sanidade e Educación á vez que realiza algún outro cambio competencial, como a creación dunha nova consellaría que englobaría as áreas de Emprego e Igualdade, con María Jesús Lorenzana Somoza ao fronte.

No seu discurso como candidato na sesión de investidura do Parlamento de Galicia do 1 de setembro, Alberto Núñez Feijóo fixo referencia unha vez ao machismo e a violencia de xénero, pero non se atreveu a pronunciar nin a palabra ‘feminismo’ -que é o que combate precisamente ese machismo e esa violencia- nin a palabra ‘muller’. A igualdade centrou catro parágrafos curtos dun discurso de 56 páxinas e en ningunha desas mencións se asociaba a cuestións relacionadas co emprego.

Coa creación da nova consellaría, con competencias en emprego e igualdade, podemos atisbar certa preocupación ou intención de artellar políticas no ámbito laboral e de promoción profesional dirixidas a contrarrestar a desigualdade que sofren as mulleres, mais o ámbito da igualdade transcende a moitas máis áreas e non só a de emprego.

A fenda de xénero existe en todos os ámbitos da sociedade, de maneira que as políticas públicas que se implementen deberían ter a igualdade como eixo transversal, xestionando de forma eficiente os recursos dispoñibles e achegando outros novos, e avanzando en novas políticas en relación a outros campos de actuación como poden ser a educación, a sanidade, a xustiza ou mesmo o urbanismo. É por iso que ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia nos preocupa que o Goberno galego non creara unha Consellaría de Igualdade e unira esta competencia ao campo concreto do emprego.

CSV: REXISTROGSdmD5VTw8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2020 16:38:23
Nº Rexistro: 1591
Data envío: 09/09/2020 16:38:23.102

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que motivou a ligazón da área de Igualdade á de Emprego nesta nova consellaría?

Pazo do Parlamento, 9 de setembro do 2020

Asdo.: Noa Díaz Varela
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 09/09/2020 16:36:19**

**Marina Ortega Otero na data 09/09/2020 16:36:31**

**Julio Torrado Quintela na data 09/09/2020 16:36:41**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/09/2020 16:36:56**

CSV: REXISTROGSdmD5VTw8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.6    2839(11/POP-000343)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para defender os postos de traballo da empresa Maderas Iglesias, do Porriño

*Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 17:52:52
Nº Rexistro: 2839
Data envío: 01/10/2020 17:52:52.285

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López**, **Carme González Iglesias**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Maderas Iglesias, con sede e factoría no Porriño, está a atravesar unha difícil situación económica e laboral que pon en risco a súa continuidade. Logo de pasar por un proceso concursal e por sucesivos expedientes de regulación de emprego, como resultado dos cales se perderon numerosos postos de traballo, nestes momentos a empresa está nunha situación crítica que a pon ao borde da desaparición.

Todo o proceso de deterioro e declive da empresa ten como máximo responsábel ao empresario. E ten como principais vítimas ao cadro de persoal formado nestes momentos por 140 persoas, maioritariamente mulleres. Ademais, o impacto negativo da crise da empresa ten repercusión nunha grande parte do sur da provincia de Pontevedra, pola procedencia do persoal de concellos diversos como As Neves, Salvaterra, O Porriño, Mos ou concellos do Val Miñor e do Baixo Miño.

Durante todo este tempo a Xunta de Galiza e o IGAPE mantivéronse como espectadores e consentiron, por acción ou por omisión, o deterioro da empresa. A única solución posíbel para garantir a continuidade da empresa é a entrada dun inversor que asuma a débeda e relance o proxecto industrial. O goberno galego non pode permanecer

CSV: REXISTROGc6IuX77C9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 17:52:52
Nº Rexistro: 2839
Data envío: 01/10/2020 17:52:52.285

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impasíbel diante dunha grave situación que pon en risco moitos postos de traballo do sector industrial e dun ámbito fundamental para a economía galega.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para defender os postos de traballo de Maderas Iglesias?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Daniel Pérez López**
**Carme González Iglesias**
Deputados e Deputada do G.P. do B.N.G.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 01/10/2020 17:48:53**

**Daniel Pérez López na data 01/10/2020 17:48:56**

CSV: REXISTROGc6luX77C9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 17:52:52
**Nº Rexistro: 2839**
Data envío: 01/10/2020 17:52:52.285

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres  na data 01/10/2020 17:49:08**

**María do Carme González Iglesias na data 01/10/2020 17:49:18**

CSV: REXISTROGc6luX77C9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.7 721(11/POP-000227)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e 6 máis

Sobre cal é a avaliación do funcionamento, a actividade e o resultado das medidas de prevención da covid-19 implantadas a través da creación do rexistro de viaxeiros

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 721
Data envío: 25/08/2020 17:38:06.419

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López**, **Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral Urxente en Pleno.

**Xustificación da urxencia.**

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

**Exposición de motivos.**

A COVID- 19 é unha infección respiratoria emerxente causada polo SARS-CoV-2, un coronavirus que se detectou por primeira vez en decembro de 2019 na cidade de Wuhan, China. Este abrocho inicial en Wuhan propagouse rapidamente, afectando outras áreas de China e posteriormente a outros países.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra esta pandemia.

En España, o primeiro caso de COVID-19 foi detectado a finais do mes de xaneiro e dende entón, o número de contaxios aumentou de maneira progresiva e a gran velocidade o que deu orixe a unha crise sanitaria sen precedentes que requiriu a adopción de medidas excepcionais co

CSV: REXISTROmnS2jVs0e0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

obxectivo de protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter o progreso da enfermidade e mitigar o impacto sanitario. Con esta finalidade, o pasado 14 de marzo declarouse o Estado de Alarma en España. Un día antes da declaración do Estado de Alarma, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia o que obrigou a adoptar unha serie de medidas transitorias dirixidas a garantir ao mesmo tempo, a seguridade dos profesionais sanitarios e dos pacientes mantendo en todo momento, o correcto equilibrio no exercicio de dereitos e obrigas da cidadanía galega.

A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, prevé, no seu artigo primeiro, que co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O pasado 28 de xullo, a Consellería de Sanidade publica a ORDE do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios. O obxecto da presente orde é o establecemento de medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios.

Tendo en conta do tempo transcorrido dende a entrada en vigor de dita Orde, e que está a finalizar o período estival, que é o de máxima afluencia de viaxeiros a esta Comunidade Autónoma, cómpre avaliar o resultado desta medida pioneira.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Pleno:

CSV: REXISTROmnS2jVs0e0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 721
Data envío: 25/08/2020 17:38:06.419

grupo parlamentario popular de galicia

Cal é a avaliación do funcionamento, actividade e resultado das medidas de prevención da COVID-19 implantadas a través da creación do Rexistro de Viaxeiros?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:34:40**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/08/2020 17:34:49**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 25/08/2020 17:35:04**

**María Elena Candia López na data 25/08/2020 17:35:21**

**José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:35:36**

**Noelia Pérez López na data 25/08/2020 17:35:42**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:35:52**

CSV: REXISTROmnS2jVs0e0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.8 2645(11/POP-000312)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as actuacións xudiciais que se están a levar a cabo no Centro Tecnolóxico da Carne

*Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2020 17:37:23
Nº Rexistro: 2645
Data envío: 29/09/2020 17:37:23.016

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e María Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Centro Tecnolóxico da Carne, é unha fundación dependente da Consellería do Medio Rural, situada no polígono industrial de San Cibrao das Viñas de Ourense, cos obxectivos de dinamizar e mellorar a capacidade competitiva do sector agroalimentario de Galicia, fomentando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico do sector, a través dos seus servizos como poden ser as analíticas nos seus laboratorios, a asistencia técnica a empresas e produtores ou a formación. A dita fundación ten convenios de colaboración coas universidades, empresas, asociacións sectoriais, centros tecnolóxicos e entidades formativas. O Ceteca xestiona unha gran cantidade de fondos públicos e subvencións, polo tanto, o seu funcionamento debera ser transparente e non ter ningún tipo de dúbida sobre a súa xestión.

No ano 2017 produciuse un rexistro policial á dita fundación, dentro dunha operación xudicial que investigaría ao Ceteca por indicios de prevaricación, falsidade documental, delitos conta a facenda pública e malversación de fondos.

Este 23 de setembro de 2020, coñecemos unha nova operación policial entorno ao Centro Tecnolóxico da Carne, nesta actuación procedeuse á detención, de máis de media ducia de persoas ligadas ao dito centro, os detidos foron levados a declarar ante a xustiza e posteriormente foron postos en liberdade.

O dito organismo público ten na súa xerencia ao que, anteriormente, fora director xeral de Gandaría da Consellería do Medio Rural. Hoxe continúa nas súas funcións de xerente, a pesar das investigacións abertas no ano 2017 por posibles delitos relacionados con desvíos de fondos públicos para uns fins diferentes aos que estaban dirixidos.

Desde o Grupo Parlamentario Popular, presentaron na Comisión 7ª do Parlamento celebrada o do día 24 de setembro de 2002, unha proposición non de lei para lle pedir ao Goberno galego a creación dunha nova fundación "sustentada" na base da investigada xudicialmente, para integrar nunha estrutura única o desenvolvemento funcional dos centros de investigación públicos da Consellería do Medio Rural.

CSV: REXISTRO6Au9keMquJ8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2020 17:37:23
Nº Rexistro: 2645
Data envío: 29/09/2020 17:37:23.016

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que explicacións pode dar o Sr. conselleiro do Medio Rural, ante as actuacións xudiciais que se están a levar a cabo no Centro Tecnolóxico da Carne, despois das recentes detencións?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 29/09/2020 17:05:22**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/09/2020 17:05:44**

CSV: REXISTRO6Au9keMqJ8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 20.10.2020 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.9 2680(11/POP-000319)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a posición do Goberno galego respecto da ampliación dos servizos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia ás fins de semana e festivos

*Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 2680
Data envío: 29/09/2020 18:31:23.098

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández**, **Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Na súa comparecencia no Parlamento para explicar os orzamentos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galiza (INTECMAR) para 2020, a súa directora asegurou que ese organismo realiza 88.000 análises anuais para garantir a salubridade e a calidade dos produtos do mar, e que ademais envía máis de 20.000 notificacións con calquera cambio que se produce na situación de zonas de produción de moluscos bivalvos a todos os axentes implicados.

Mentres tanto, as queixas sobre o funcionamento do INTECMAR véñense sucedendo ao longo dos anos de xeito reiterado por parte de produtores, depuradores, exportadores e cocedeiros e, en moitas ocasións, as extraccións non se planifican se non existe antes unha análise que ratifique os datos que se facilitan dende o INTECMAR.

Esta falla de confianza no centro de control mariño fai que as confrarías e bateeiros se vexan obrigadas a recorrer aos laboratorios privados en moitas máis

CSV: REXISTROPNDPglBHP9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 2680
Data envío: 29/09/2020 18:31:23.098

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ocasións das que quixeran e a realizar os seus propios estudos microbiolóxicos para garantir a salubridade dos seus produtos.

Ninguén entende que, a día de hoxe, cun centro de control mariño público, cun orzamento de máis de 3,6 millóns de euros, non se realicen analíticas durante as fins de semana ou festivos. Isto implica que moitas veces os peches fanse sen previsión, que a dinámica comercial do sector do mar non vai acompañada do traballo do organismo de control, que se devolvan miles de quilos de marisco ao mar e que, en definitiva, se perdan moitos cartos e moitas horas de traballo que se converten nun lastre para miles de persoas en Galiza.

O último exemplo deste despropósito vén da man do peche dos bancos marisqueiros de Noia este último fin de semana. As mariscadoras e mariscadores terían retomado a súa actividade o luns se non se detectase o alto nivel de toxina no fin de semana por medio de análises realizados pola propia confraría. De non ter sido así, preto de 1.500 persoas perderían un día máis de traballo e terían que tirar miles de quilos de produción, feito que non é a primeira vez que lles ocorre.

Este tipo de episodios  veñen tendo lugar con demasiada frecuencia e afectando ao normal desenvolvemento da actividade do sector do mar, ademais de poñer en cuestión o funcionamento do propio Instituto de Control Mariño que debería facer análises diarias, coa maior axilidade, e transmitir a información con rapidez.

CSV: REXISTROPNDPglBHP9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 2680
Data envío: 29/09/2020 18:31:23.098

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposto o Goberno galego a ampliar os servizos do INTECMAR aos fins de semana e festivos para evitar perdas ao sector do mar e conseguir un funcionamento áxil, eficaz e que se transmita con rapidez?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
**Daniel Castro García**
**Carme González Iglesias**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 29/09/2020 18:17:34**

**María do Carme González Iglesias na data 29/09/2020 18:17:38**

CSV: REXISTROPNDPgIBHP9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 2680
Data envío: 29/09/2020 18:31:23.098

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Rosana Pérez Fernández na data 29/09/2020 18:17:49**

CSV: REXISTROPNDPgIBHP9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/